

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ENSEANZAS ESPECIAIS, ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE E ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

Artigo 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o prezo público por ensinanzas especiais, actividades de lecer e tempo libre e actividades de participación social que desenvolva o Concello de Ortigueira, e que se rexerán pola presente ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ao pago

1.- Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza os alumnos e participantes que se beneficien dos cursos e actividades a que se refire o artigo anterior.

Para a participación nas actividades é requisito imprescindible cumprimentar o trámite de inscrición.

2.- Cando os usuarios do servizo gravado por este prezo público sexan menores de idade, ou maiores que non teñan capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, os seus pais, titores ou calquera outro representante legal.

3.- Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

4.- Para os menores membros dunha unidade familiar, no caso de inscribirse varios, o primeiro aboará o 100% do prezo público, e a partir do segundo se aboará o 50% do prezo público.

5.- Crease unha tarifa específica para os xubilados e pensionistas, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Artigo 3.- Tarifas

A contía por persoa que corresponda aboar pola prestación de cada un dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo unha cantidade fixa o en función dos elementos ou factores que se indiquen nos respectivos epígrafes. Na convocatoria da actividade se especificarán os días e horas da mesma e o seu comezo e finalización, así coma os períodos de descanso e /ou vacacións.

Cada departamento municipal convocante de cada unha das actividades realizará o calculo horario correspondente á totalidade da actividade, para que multiplicado polo custo, nos de o prezo total da mesma, que pode ser fraccionado entre os meses de duración da mesma.

Epígrafe 1.- Tarifa aplicable a actividades formativas e cursos de plástica, artísticos, cognitivos e similares, en función dos recursos materiais e humanos necesarios para a súa realización.

Esta tarifa aplicarase as actividades de realización periódica que non supoñan desprazamento dos alumnos desde o local das actividades.

Os prezos públicos establecidos son por persoa, hora de actividade e curso. Segundo a duración dos mesmos, que se definirán por cada departamento municipal na convocatoria, estableceranse as cotas mensuais, si procede.

Grupo CONTIDO	PREZO por hora, en euros.
A.- Obradoiros e actividades recreativas e artísticas (pintura, manualidades e similares) (sen material).	3,75.-
Tarifa para xubilados e pensionistas.	1,88.-
B.- Actividades recreativas tipo xogos e animación.	3,75.-
Tarifa para xubilados e pensionistas.	1,88.-
C.- Actividades cognitivas e de movemento.	3,75.-
Tarifa para xubilados e pensionistas	1,88.-
D.- Actividades de ensinanzas de idiomas e similares	2,50.-
Tarifa para xubilados e pensionistas	1,88.-

Epígrafe 2. Aplicable as actividades de lecer, tempo libre e culturais en función dos recursos materiais e humanos necesarios para a súa realización.

Esta tarifa aplicarase as actividades que supoñan desprazamento desde o local no que se realizan e non se cuantifiquen por horas, sino pola globalidade da actividade, cunha estimación diaria. Os prezos aplicaranse por día de actividade.

	PREZO por persoa
A. Actividade cultural o recreativa tipo excursión, dun día de duración, sen custo de entrada.	0,05 cts/km.-

En aquelas actividades que leven gastos de transporte, manutención e/ou hospedaxe, estos serán calculados en función da distancia e categoría do aloxamento.

As actividades que leven un gasto adicional como entrada ao recinto, ou polo uso de atraccións, este será aboado polo participante.

Epígrafe 3.-Aplicable á asistencia a encontros de aire libre e ocio en xeral, tardes de ocio, campamentos urbanos e similares.

Este epígrafe aplicarase as actividades tipo campamentos urbanos o similares, cunha duración de varias horas o día e varios días á semana. O prezo final vendrá calculado en relación á convocatoria da actividade, que establecerá a duración e frecuencia da mesma.

Grupo CONTIDO	PREZO por hora.
A Encontros ou actividades de calquera tipo, tipo campamentos urbanos, cunha frecuencia de dous ou mais días á semana e un mínimo de dúas horas diarias, en períodos de vacacións escolares.	1,00.-

- B Encontros ou actividades de calquera tipo, de un ou varios días á semana, durante o curso escolar, tipo tardes de lecer ou similares. 1.00.-

Artigo 4.- Obrigación de pago

A obrigación de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicie calquera das actividades especificadas no artigo 3.

O pago do prezo público, efectuarase da seguinte forma:

- a) Ao formalizar a inscrición.
- b) Mensualmente mediante domiciliación bancaria.

En ambos casos os ingresos correspondentes realizaranse en calquera entidade bancaria nas que teña aberta conta o Concello ou na Caixa municipal, debendo presentar o recibo nas oficinas municipais correspondentes.

Artigo 5.- Bonificacións e exencións

O Concello convocará periodicamente unhas bases públicas para a concesión de subvencións a unidades familiares que reúnan os requisitos que se sinalen nas mesmas.

Artigo 6.- Devolucións

Procederá a devolución das cotas de inscrición no caso de baixas xustificadas, sempre que non se houberen iniciado as actividades.

Artigo 7.- Xestión

O abono do prezo público efectuarase, a elección do contribuínte, a través dun dos dous sistemas:

- abono da totalidade do prezo público de toda a tempada nada mais iniciarse a actividade.
- sistema de domiciliación bancaria por meses anticipados, a cuxo efecto cubriranse os impresos correspondentes.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións se estará ao disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición derogatoria

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas cantas disposicións municipais anteriores regularan a mesma materia.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.